



Plácido Álvarez Dobaño, Voceiro do Grupo Popular, e José Miguel Caride Domínguez Voceiro de Democracia Ourensana na Deputación de Ourense , para o seu debate en Pleno presentan, para a súa aprobación pola Corporación Provincial, a **MOCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN “OURENSE FUTURO”**, tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES

- Con data 29 de abril o Pleno desta Deputación acordou a declaración de loito na provincia de Ourense na honra dos falecidos vítimas da pandemia do Covid-19 e das súas familias.
- O coronavirus desatou unha crise sanitaria nunca antes vivida e tamén unha crise económica e social que determinou que esta Deputación volcase os seus esforzos priorizando máis que nunca nas personas .
- Dende a declaración do estado de alarma o goberno provincial puxo en marcha o chamado “comité do día despois”, da man dos representantes das entidades empresariais da provincia para planificar a recuperación económica, escoitando as súas demandas e trasladando as reivindicacións dos que xeneran riqueza e emprego no territorio ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente do Goberno de España.
- Do mesmo xeito abrimos canles de comunicación directa con sectores tan importantes para o desenvolvemento de Ourense como o do Turismo, coa posta en marcha do Consello Asesor do Turismo Provincial, un foro para compartir propostas e de colaboración público-privada co horizonte posto na implementación da oferta “Ourense, destino seguro”.



- A Deputación de Ourense está obrigada a liderar a voz da nosa provincia cunha estratexia plenamente participativa e transparente e debe, nun momento histórico como este en que moitas cuestións mudan, escoitar a realidade e visión que dende múltiples ópticas contribuirán sen dúbida a reformular obxectivos e fixar nitidamente os vieiros a percorrer.

- A Deputación provincial, como cámara de representación política, debe erixirse na destinataria das lexítimas aspiracións da veciñanza a través das súas organizacións máis representativas nos sectores económicos, sociais e culturais nos que se insiren. Promover un foro no que depositar as súas demandas respostando ao perfil de “administración-esponxa” que defendemos sempre.

En virtude do exposto, solicítase ao Pleno da Deputación de Ourense...

“ a CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN “OURENSE FUTURO” como receptora das demandas e achegas que poidan formularse dende calquera colectivo social da nosa provincia, tendo en conta o seguinte marco mínimo de actuación:

- 1.- A comisión estará conformada por un representante de cada grupo político provincial (designando, nun prazo de cinco días dende a aprobación plenaria, un/unha titular e un/unha suplente) adoptando as súas decisións mediante o sistema de voto ponderado.
- 2.- A comisión “OURENSE FUTURO” elaborará un calendario de comparecencias para coñecer de viva voz os plantexamentos dos convocados ás sesións correspondentes.
- 3.- A comisión establecerá asemade canles de comunicación para que poidan aportarse tamén por escrito as contribucións dos colectivos.



4.- A actividade da comisión desenvolverase durante este ano de 2020 e serán públicas todas as comparecencias e documentos de traballo.

5.- Os representantes dos grupos políticos actuarán como poñentes para redactaren un documento final que recolla o sentir dos comparecentes de xeito claro e directo, aprobándose no Pleno da corporación provincial servindo de folia de ruta para a acción política no noso territorio.

6.- O documento aprobado, froito dos traballos da COMISIÓN OURENSE FUTURO, remitirase aos titulares dos poderes executivo e lexislativo a nivel autonómico e estatal”.

En Ourense, a 4 de maio de 2020.

  
Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño

  
Asdo.: José Miguel Caride Domínguez

**AO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**